



Servizo de Persoal

**Asunto:** Corrección de erro na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración de data 29/08/2018.

## RESOLUCIÓN

Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), de data 29/08/2018, resolveuse o seguinte:

Aprobar a lista de agarda de confección urxente de listas para a cobertura de prazas de psicólogo/a clínico/a nos distintos supostos regulados no art. 10.1 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade coa Instrucción 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Nº orde	Apelidos e Nome	Ex. 1	Ex. 2	Concurso	Total	Situación
1	SÁNCHEZ CAO, ELIZABETH	18,500	12,6	5	36,100	
2	VILLARINO GOZÁLEZ, MARÍA	22,375	11,7	1,0	35,075	
3	RODRÍGUEZ RECAREY, LUIS	20,750	11,2	2	33,950	
4	MACEDA GARCÍA, SABELA	18,125	12,9	1,5	32,525	
5	LOSADA LÓPEZ, CARLOS J.	17,250	10,8	2,0	30,050	
6	CAMPOS GONZÁLEZ, ALMUDENA	15,750	12,5	1,8	30,050	
7	AMADO MERA, ANA	16,625	11,1	2,0	29,725	
8	SANGIAO NOVO, INMACULADA	17,000	11,2	1,3	29,500	

Revisado dito expediente e visto o acta final do proceso de data 29/08/2018, constátase a existencia dun erro na puntuación obtida no primeiro exercicio e no total da aspirante Elisabeth Sánchez Cao, xa que no Ex. 1 onde figura "18,500" debe dicir "19,625" e no Total onde figura "36,100" debe dicir "37,225".

O art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017, atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal á Concelleira delegada de Facenda e Administración.

Á vista do exposto do informe do Servizo de Persoal; a Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación do Alcalde), en uso das facultades que ten conferidas,

## RESOLVE:

Corrixir o erro existente na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), de data 29/08/2018, na parte relativa á puntuación obtida pola aspirante Elisabeth Sánchez Cao, xa que no Ex. 1 onde figura "18,500" debe dicir "19,625" e no Total onde figura "36,100" debe dicir "37,225".

A Coruña, 27 de febreiro de 2019

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

A Concelleira delegada de Facenda e Administración

María Eugenia Vieito Blanco